

Páxina web do castro de Elviña

O concello de A Coruña amplía a difusión sobre o castro de Elviña coa edición dunha páxina web monográfica (<http://www.coruna.gal/castroelvina/gl?argldioma=gl>). O proxecto foi realizado pola empresa A navalla suíza, que contou cos nosos servizos para a dirección e elaboración dos contidos da mesma.

A web presenta un carácter eminentemente divulgativo e pretende amosar o castro a través de diferentes ángulos de vista, todos eles conexos. Partindo da presentación das características que o configuran e o converten no maior *oppidum* da área noroccidental da *Gallaecia*, realízase unha viaxe no tempo a través dos seus habitantes e persoas relacionadas, a cultura material e o seu contexto, sen perder de vista a relación do castro coa cidade e as súas orixes.



Construcións galaico romanas no castro de Elviña

O castro de Elviña sitúase ao sur do concello da Coruña, na parroquia de San Vicenzo de Elviña, sobre o cumio dun outeiro de 120 m, cunha situación estratéxica respecto dos sistemas de comunicacións, tanto terrestres coma marítimos. Nos últimos anos foi obxecto de actuacións arqueolóxicas e de consolidación de estruturas coa finalidade de adecualo á súa posta en valor. Está composto por tres recintos fortificados, onde os dous inferiores se xustapoñen ao superior ou croa, cunha superficie de 24.150 m².

Unha escolma dos materiais arqueolóxicos recollidos durante as intervencións, pódense contemplar no Museo Arqueolóxico e Histórico do castelo de San Antón de A Coruña.

Mario César Vila, Santiago de Compostela (A Coruña), 9-X-2017.